



Protocolo de gravación no interior da Catedral de Santiago

A Catedral de Santiago é unha basílica que conxuga o espazo para o culto e a oración co uso turístico e cultural, que atrae a atención tanto de visitantes como de medios de comunicación interesados en divulgar a súa riqueza patrimonial e os eventos informativos que acolle.

É por iso que se fai precisa un regulamento que garanta o desenvolvemento harmónico da liturxia e do culto diarios coa celebración de eventos informativos e a atención aos medios de comunicación interesados na actividade da Catedral.

Así, establécense unha serie de normas básicas para a gravación, toma de imaxes e cobertura tanto de actos informativos especiais (convocados polo departamento de comunicación) como da actividade diaria da basílica.

- Os xornalistas deberán informar con antelación ao departamento de comunicación do seu interese en acceder á Catedral para desenvolver a súa profesión, tanto para tomar imaxes, realizar gravacións, visitar exposicións ou tomar datos relativos ao interior da basílica.
- Unha vez autorizados os xornalistas deberán acreditarse debidamente no Centro de Control situado na sacristía (nave de Praterías).
- Os xornalistas deberán atender en todo momento as indicacións do personal de seguridade.
- Durante a celebración os xornalistas só poderán tomar imaxes desde o espazo habilitado na nave de Praterías e o tempo de gravación limitarase á duración da homilía do sacerdote celebrante.
- Tentarase non tomar imaxes directas das persoas no interior da basílica durante a liturxia, para protexer a intimidade e respectar a celebración. En todo caso a Catedral de Santiago non se fará cargo das consecuencias resultantes da emisión e/ou publicación de tales imaxes nos medios.
- A Catedral de Santiago atenderá coa máxima celeridade posible as peticións profesionais dos medios de comunicación, tentando adaptarse ás propias necesidades dos xornalistas. En todo caso, as datas e horas de gravacións e entrevistas limitaranse á dispoñibilidade do personal da Catedral, aos horarios das liturxias e ás restriccións especiais que se poidan impoñer por parte dos servizos de seguridade ou do personal da Catedral.